



## **SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 4 DE XANEIRO DE 2016**

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás oito horas e trinta minutos do día catro de xaneiro de dous mil dezaseis, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, réunese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1108 de data 23 de xuño de 2015: don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona María Dolores Blanca García Fernández.

Intervén, como secretaria accidental, dona Verónica Maria Otero López.

Aberto o acto pola presidencia, examínanse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **1º.-Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 28 de decembro de 2015**

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 28 de decembro de 2015 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco membros que a compoñen, aprobou o citado borrador.

### **2º.- Boletíns e correspondencia**

- Resolución do 23 de decembro de 2015, da Presidencia do Tribunal de Contas, pola que se publica o acordo do Pleno de 22 de decembro de 2015, polo que se aproba a instrución relativa á remisión telemática ao Tribunal de Contas dos extractos dos expedientes de contratación e das relacións anuais dos contratos celebrados polas entidades do sector público local. (Boletín Oficial do Estado número 312, do 30 de decembro de 2015).

- Orde do 29 de decembro de 2015, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións para a promoción do emprego autónomo das persoas novas inscritas no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, con cargo ao Programa operativo de emprego xuvenil e se procede á súa convocatoria para o ano 2016. (Diario Oficial de Galicia número 248, do 30 de decembro de 2015).

- Orde do 29 de decembro de 2015, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación coas entidades sen ánimo de lucro, dirixido a mellorar a empregabilidade e a inserción profesional das persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, no ámbito do Programa operativo de emprego xuvenil na Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á convocatoria para o ano 2016. (Diario Oficial de Galicia número 248, do 30 de decembro de 2015).

- Orde do 29 de decembro de 2015, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia durante os anos 2016 e 2017. (Diario Oficial de Galicia número 248, do 30 de decembro de 2015).
- Orde do 29 de decembro de 2015, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de promoción da integración laboral das persoas con discapacidade na empresa ordinaria, e do Programa de emprego con apoio, como medida de fomento do emprego de persoas con discapacidade no mercado ordinario de traballo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2016. (Diario Oficial de Galicia número 248, do 30 de decembro de 2015).
- Orde do 22 de decembro de 2015, da Consellería de Política Social. pola que se establecen as bases polas que se rexerá a concesión da axuda económica, a través da tarxeta benvida, para as familias con fillas e fillos nados no ano 2016 e se procede á súa convocatoria. (Diario Oficial de Galicia número 248, do 30 de decembro de 2015).
- Resolución do 23 de decembro de 2015, do Instituto Enerxético de Galicia, pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria anticipada de subvencións para proxectos de equipamentos térmicos de biomasa, para o ano 2016, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder-Galicia 2014-2020. (Diario Oficial de Galicia número 248, do 30 de decembro de 2015).
- Orde do 28 de decembro de 2015, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2016 (código de procedemento IN519B). (Diario Oficial de Galicia número 248, do 30 de decembro de 2015).
- Orde do 22 de decembro de 2015, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións ás asociacións de comerciantes sen fins de lucro, para a dinamización dos centros comerciais abertos e prazas de abastos de Galicia, e se procede á súa convocatoria (código de procedemento IN219A). (Diario Oficial de Galicia número 248, do 30 de decembro de 2015).
- Orde do 22 de decembro de 2015, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións para fomentar a remuda comercial e se procede á súa convocatoria para o ano 2016 (código de procedemento IN216A). (Diario Oficial de Galicia número 248, do 30 de decembro de 2015).
- Orde do 23 de decembro de 2015, da Consellería de Infraestruturas e Vivenda, pola que se modifica a Orde do 7 de agosto de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións do programa do Bono de Alugueiro Social do Plan rehaVlta: Plan galego de rehabilitación, aluguer e mellora de acceso á vivenda 2015-2020, e se procede á súa convocatoria para o ano 2016, con financiamento plurianual. (Diario Oficial de Galicia número 248, do 30 de decembro de 2015).
- Resolución do 21 de decembro de 2015, da Secretaría Xeral da Igualdade, Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se establecen as bases

reguladoras que rexerán as subvencións a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para programas dirixidos a mulleres en situación de especial vulnerabilidade cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, con cargo ao programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para o ano 2016. (Diario Oficial de Galicia número 248, do 30 de decembro de 2015).

- Resolución do 18 de decembro de 2015, da Secretaría Xeral da Igualdade, Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se establecen as bases que rexerán a concesión de subvencións a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de proxectos de atención integral dirixidos a persoas en situación de explotación sexual, preferentemente inmigrantes, e/ou vítimas de trata de seres humanos con fins de explotación sexual e/ou laboral, na Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciada polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2016. (Diario Oficial de Galicia número 248, do 30 de decembro de 2015).

- Resolución do 14 de decembro de 2015, da Dirección de Tecnoloxías da Información e as Comunicacions, Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, pola que se establecen as prescricións técnicas necesarias para o desenvolvemento e aplicación do sistema CI@ve. (Boletín Oficial do Estado número 311, do 29 de decembro de 2015).

- Resolución do 16 de decembro de 2015, do Instituto Galego de Promoción Económica, pola que se lle dá publicidade ao acordo que aproba as bases reguladoras do programa de apoio ao acceso ao financiamento operativo (activo corrente) das pequenas e medianas empresas, instrumentadas mediante convenio de colaboración coas sociedades de garantía recíproca galegas e as entidades financieras adheridas (Re-solve 2016), e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva. (Diario Oficial de Galicia número 247, do 29 de decembro de 2015).

- Resolución do 28 de decembro de 2015, do Instituto Galego de Promoción Económica, pola que se lle dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras das axudas aos proxectos de investimento empresarial, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020 e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva. (Diario Oficial de Galicia número 247, do 29 de decembro de 2015).

- Resolución do 28 de decembro de 2015, do Instituto Galego de Promoción Económica, pola que se lle dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras das axudas para novos emprendedores, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder-Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva (Galicia Emprende). (Diario Oficial de Galicia número 247, do 29 de decembro de 2015).

- Resolución do 23 de decembro de 2015, do Instituto Enerxético de Galicia, pola que se aproban as bases reguladoras das subvencións para a creación, mellora e ampliación de pequenas infraestruturas para proxectos de enerxías renovables, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, e se anuncia a convocatoria anticipada para o ano 2016. (Diario Oficial de Galicia número 247, do 29 de decembro de 2015).

- Orde do 28 de decembro de 2015, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen as bases reguladoras do Programa para a promoción do emprego autónomo, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, con cargo ao programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para o ano 2016. (Diario Oficial de Galicia número 247, do 29 de decembro de 2015).

- Orde do 21 de decembro de 2015, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2016, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia. (Diario Oficial de Galicia número 246, do 28 de decembro de 2015).

- Orde do 23 de decembro de 2015, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinados a concellos de Galicia para o ano 2016, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020. (Diario Oficial de Galicia número 247, do 29 de decembro de 2015).

- Orde do 22 de decembro de 2015, da Consellería de Infraestruturas e Vivenda, pola que se abre o prazo para solicitar a participación para actuacións de rehabilitación de edificios e vivendas no ámbito da área de rehabilitación integral dos Camiños de Santiago, no marco do programa de rexeneración e renovación urbanas do Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas 2013-2016, e se establecen as bases reguladoras das subvencións deste programa. (Diario Oficial de Galicia número 246, do 28 de decembro de 2015).

- Orde HAP/2846/2015, do 29 de decembro, do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, pola que se publican os límites dos distintos tipos de contratos a efectos da contratación do sector público a partir do 1 de xaneiro de 2016. (Boletín Oficial do Estado número 313, do 31 de decembro de 2015).

- Lei 12/2015, do 24 de decembro, da Presidencia da Xunta de Galicia, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016. (Diario Oficial de Galicia número 249, do 31 de decembro de 2015).

- Lei 13/2015, do 24 de decembro, da Presidencia da Xunta de Galicia, de medidas fiscais e administrativas. (Diario Oficial de Galicia número 249, do 31 de decembro de 2015).

### **3º.- Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local**

Os presentes danse por enterados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 23 ao 29 de decembro de 2015, que comeza coa resolución da Alcaldía número 2308/2015 e remata coa resolución da Alcaldía número 2342/2015.



#### **4º.- Informes doutros asuntos de área**

##### **Informes da alcaldía**

Don Óscar A. García Patiño dá conta dos seguintes asuntos:

- O 29 de decembro de 2015 mantivo unha reunión cos alcaldes dos concellos do Consorcio das Mariñas e o alcalde do Concello da Coruña para analizar o futuro da vía árbra. Acordan redactar un documento para súa remisión ao Presidente da Xunta de Galicia, no que se esixa que se retome o proxecto de conectar a vía árbra coa autovía A-6 e o enlace coa autoestrada A-9 sexa libre de peaxes.

- Visitou, xunto co concelleiro delegado da área de Cultura e Tradicións Populares, a veciña do municipio máis vella, para darlle as súas felicitacións que ven de cumprir 102 anos.

##### **Informes da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Socioeconómico**

Dona Maria Dolores Blanca García Fernández dá conta dos seguintes asuntos:

- O día 29 de decembro publicáronse no DOG cinco subvencións que imos estudar e preparar a súa solicitude solicitar para o ano 2016.

- 1.- Programas de Cooperación coas Entidades locais. (Solicitarase subvención para a contratación de Brigadas de Obras)
- 2.- Contratación de persoas en risco de exclusión social perceptores de RISGA: (Solicitarase subvención para a contratación de persoal)
- 3.- Obradoiro de Emprego. Solicitaráse de novo co Concello de Sada
- 4.- Obradoiro Emprego para a mocidade: solicitarase para ocupacións relacionadas coas novas tecnoloxías
- 5.- Formación do Plan AFD (en especialidades homologadas)

- Solicitude dos cursos PLAN AFD / 2016

A partir da convocatoria do Plan AFD contactamos coas empresas dos sectores relacionadas coas especialidades que temos homologadas para formalizar convenios de colaboración para a realización das prácticas:

##### **SOLDADURA:**

- 1.- Grupo Mantiñan e Inoxman .
- 2.- Carpintería Metálica A.Chas
- 3.- Dusa Galicia (Esta empresa ven de confirmar a súa colaboración)
- 4.-Tameiga

##### **SOCIO SANITARIA:**

- 1.- Eulen sociosanitaria

##### **EMPRESAS SOLAR TERMICA .**



- 1.-Venser Global
- 2.-Eulen Instalaciones- si
- 3.-BTV Instalaciones

#### **EMPRESAS ADMINISTRACION**

- 1.- S2M
- 2.- BTV Instalaciones
- 3.- Rolux S.L,
- 4.- Asesoría Casas
- 5.-Cooperativa Las Rias

Durante esta semana remataremos os contactos coas empresas así como a tramitación das firmas dos convenios de colaboración.

#### **Informes do concelleiro delegado da área de Cultura e Tradicións Populares**

Don Ramón Boga Moscoso dá conta do seguinte asunto:

O Apalpador visitou as seguintes parroquias:

- o martes, 29 de decembro de 2016: Local Social do Souto, Sigrás ás 16:30, Local Social da Riveiriña, Bribes ás 18:00 h e Local Social de Brexo ás 19:30 h.

- o mércores, 30 de decembro: Local Social do Apeadeiro de Cecebre ás 16:30 h, Local Social de Pravio ás 18:00 h e Casa da Cultura, Vila Concepción, O Temple ás 19:30 h.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as oito horas e corenta e cinco minutos, do que eu, secretaria accidental, certifico.

O presidente

A secretaria accidental

Oscar A. García Patiño

Verónica María Otero López